

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA (T.E.A.) DA PROVINCIA DA CORUÑA (ASPANAES), PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL PARA PERSOAS DEPENDENTES ("PROXECTO DE VIDA ADULTA: ATENCIÓN RESIDENCIAL CON ATENCIÓN DIURNA PARA PERSOAS CON AUTISMO"), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EJERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa **Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da Provincia da Coruña (ASPANAES)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 5 de xuño de 2026. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia das actuacións que a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da Provincia da Coruña (ASPANAES) ten previsto desenvolver durante os anos 2024, 2025 e 2026 para a execución dun proxecto de construción dun centro de atención residencial con atención diurna terapéutica para persoas con TEA ("PROXECTO DE VIDA ADULTA: ATENCIÓN RESIDENCIAL CON ATENCIÓN DIURNA PARA PERSOAS CON AUTISMO"), no concello de Friol cunha capacidade de 48 prazas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da execución dun proxecto de investimento por parte a entidade ASPANAES consistente na construción dun centro de atención residencial para persoas dependentes co obxectivo de dar resposta ás demandas das familias de persoas diagnosticadas con Autismo con grandes necesidades de apoio e aumentar coa creación dun servizo de atención residencial e terapéutica.

O interese público e social desta concesión queda acreditado pola necesidade de atender a un colectivo especialmente vulnerable como son as persoas con discapacidade por parte da beneficiaria da subvención, Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da Provincia da Coruña (ASPANAES), entidade que conta actualmente con este recursos especializado.

Trátase dun recurso da comunidade autónoma de Galicia que atende persoas con problemas con discapacidade e por elo conta con profesionais e instalacións conforme ás necesidades das mesmas, de maneira que se estendan e se garantan, de acordo co determinado no Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo



das políticas de inclusión” os servizos de atención integral ás persoas con discapacidade e ás súas familias.

Por todo elo, e tendo en conta a finalidade que persigue o proxecto do Compoñente 22, recollido no Convenio de Colaboración do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, considérase que a entidade Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista da Provincia da Coruña (ASPANAES), atendendo ás singulares circunstancias que concorren na mesma, reúne todos os requisitos necesarios para executar o proxecto e alcanzar eficientemente o obxectivo da medida a realizar.

Deste xeito, tendo en conta a especificidade das características do proxecto que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixido así como a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, en tanto que se trata de persoas con discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

